

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 9 DE MAIO DE 2018.

Asisten o Xefe Territorial, Inspector Xefe, Secretario e representantes de CIG, STEG, FETE-UXT, CC.OO. e ANPE. Non asiste ningún representante de CSIF.

A reunión, que comezou ás 10 horas, celebrouse coa seguinte **Orde do Día**:

1. Aprobación se procede das actas de reunións anteriores (21 de febreiro e 18 de abril).

2.

CIG e STEG presentamos diversas propostas de modificación aos apartados 2.1, 2.3, 3.1, 3.2, 3.4 e 4.1. O secretario solicita que llelas entreguemos todas xuntas nun único documento, na idea de integralas na redacción definitiva.

1.

1. Asuntos pendentes:

2.

3. 2.1. Documento completo sobre a zonificación de Vigo.

4.

5. Pídeselle de novo copia completa para a Xunta de Persoal Docente pero o XT insiste en que só enviará no seu momento o documento definitivo ao Consello Escolar Municipal de Vigo, dado que a lei non o obriga ao facilitarlle copia á XdePD.

6.

7. 2.2. Informe da Unidade Técnica sobre IES As Neves.

8.

Trátase de resolver problemas coas cubertas e canalizacións, humidades do pavillón, mal funcionamento da caldeira da calefacción, etc. A UT xa estivo no centro, di O XT. Hai que facer unha limpeza de canalizacións xa. A cuberta está en bo estado, agás baixantes, que están tupidas desde que foron os incendios do pasado outubro. Tamén se comenta que o muro externo presenta un abombamento preocupante.

1.

2. 2.3. Estado actual da auga nos centros con restrición

O Colexio Ría de Vigo está xa normalizado nese sentido. A auga ten niveis altos de ferro no colexio de Rubiáns, Vilagarcía, aínda que é apta de todos modos para o consumo segundo os informes de Sanidade. Non dan ben os indicadores de cloro nos colexios Carrasqueira, San Salvador e Carballal, en Vigo, polo que continúa a restricción para o consumo.

1.

2. 2.4. Solicitude previsión de vacantes para o CADP

1.

2. A Xefatura de Inspección informa que de momento non están dispoñíbeis as vacantes e que previsibelmente non o estean aínda para o día 30 de maio, que é cando está prevista unha nova xuntanza entre Permanente da Xunta de Persoal e XT. Acórdase estar á expectativa por se for necesario revisar datas previstas e pospoñer esa xuntanza ao momento en que estea pronta a listaxe.
- 3.
4. **2.5. Información sobre CPI Aurelio Marcelino Rey de Cuntis.**

FETE e STEG interézanse polo envío dun escrito á XT por parte de catro profesores deste centro, que recibiron previamente un correo con determinadas indicacións da inspectora de centro onde se partía, por dicilo resumidamente, da base de que non estaban a cumprir determinados protocolos cando os profesores en cuestión achegan a ese escrito amentado documentos anexos que proban que esas acusacións carecían de base.

FETE e STEG consideran que non se pode dar pábulo desde a Inspección a certo tipo de acusacións sobre o profesorado sen antes contactar con este para comprobar o grao de veracidade que aquelas teñen e pensan que non é moi axeitado que as familias “salten” a titoría e a xefatura de estudos do centro para ir directamente a Inspección con asuntos que deberían ter o seu cauce de resolución “normal” no propio día a día do centro.

O XT e o IX consideran que FETE e STEG teñen información nesgada e incompleta sobre o particular. Apoian o envío desa circular por parte da Inspectora e explícanse a situación polo conflito precedente que levou á apertura dun procedemento contra o director, con sanción por falta leve. Sinalan que darán pormenorizada resposta ao escrito deses catro profesores convocándoos en breve a unha xuntanza presencial na Xefatura Teritorial.

1. **2.6. Escritos especialista de música do CEIP Vidal Portela pendentos de resposta pola XT**

A pregunta do STEG, o XT reconece que aínda non se enviou resposta a eses escritos, mais sinala que se fará en breve.

1. **2.7. Problemática e intervención do Servizo de Inspección no CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo**

- 2.

O Inspector Xefe sinala que o procedemento segue o seu curso e que non pode achegar polo momento ningunha outra información ou pormenor.

1. **2.8. Petición de identificación para acceso ao edificio administrativo dos membros da Xunta de Persoal Docente.**

- 2.

3. Falouse xa desde XT do tema coa secretaría da Consellaría de Presidencia e agárdase por resposta definitiva.

1. Novos asuntos

1. 3.1. Aulas específicas de Educación especial en centros de Pontevedra

2.

1. CIG pregunta que hai sobre esta posibilidade e desde IX contesta que o que houbo foi un estudo por parte da Inspección de cales eran as necesidades concretas neste sentido.

1. 3.2. Rampa no CEIP Pardo Bazán

CIG formula a necesidade de evitar que o alumnado teña que saír do recinto para poder acceder a un dos edificios. O XT resposta que enviará a UT a revisar o problema

1. 4. Rolda de intervencións

CIG pregunta se a Consellaría ten pensado ditar novas instrucións a centros sobre comedores escolares con xestión directa vista a recente sentenza xudiciaria que atinxe á non responsabilidade das direccións no control dos alimentos. O XT sinala que efectivamente a Consellaría terá que aclarar funcións en base a esa sentenza, mais que terá que facelo a Dirección Xeral correspondente.

CIG pregunta polo proxecto de Campus de FP do Meixoeiro e o XT informa que se trataría dun edificio financiado por Zona Franca que actuaría como unha especie de centro coordinador da formación, das prácticas, da FPDual etc., mais sen afectar nin á oferta específica de cada centro nin aos cadros de persoal. Está na previsión que entre a funcionar no curso 2020-21.

CC.OO. pregunta se está previsto reforzar a atención preferente na oferta de vacantes do Colexio de Campolongo de Pontevedra. O XT resposta que nos últimos cursos xa está tendo ese centro PTs por riba de catálogo.

CC.OO. pregunta pola posibilidade de cubrir unha parte do patio do colexio de Corvillón-Cambados. O XT sinala que falará coa UT.

ANPE pregunta se as vacantes que se produzan no Conservatorio Superior de Música de Vigo serán ofertadas para o corpo de catedráticos da especialidade.

O XT dá conta da resolución dun expediente sancionador no IES de Chapela, por catro faltas graves co agravante de reincidencia, con resultado de imposición dunha sanción por un total de 26 meses de suspensión de emprego e soldo.

Sen máis asuntos que tratar, rematou a xuntanza ás 11.20 horas.